

PRESENTACIÓN:

O ano pasado tiña lugar en Burela o I Seminario de Jazz, organizado pola Escola de Música Municipal deste municipio e pola Concellaría de Educación do Concello de Burela. Aínda que era a primeira vez que se realizaba un curso destas características en Burela, éramos optimistas en canto á resposta que podía ter, debido ao interese que viñan mostrando polo jazz e as músicas modernas os alumnos e alumnas da Escola de Música Municipal a través da súa primeira toma de contacto con este tipo de músicas e que se materializou no traballo realizado pola Burela Blues Band neste centro de ensino musical.

Neste sentido, as previsións foron acertadas, habendo un importante número de matriculacións, non só de Burela, mais tamén doutros lugares d'A Mariña, como Foz, Ribadeo, San Cibrao, etc. Mais, por enriba do importante número de asistentes a este Seminario, cabe destacar a valoración que del fixeron tanto o alumnado como o propio profesorado, salientando a cordialidade, o “bo ambiente” que se respirou en todo o momento e os coñecementos adquiridos en tan poucos días de clase e de concertos.

Fóra do exstrictamente didáctico e organizativo, hai que mencionar o

PROFESORADO:

Leo Giannetto. Voz e guitarra.

Guitarrista e cantante uruguaio residente en Santiago de Compostela. Desde moi novo forma parte de distintos grupos no Uruguai. Estudou canto durante catro anos coa grande cantora e mestra Nelly Pacheco nun conservatorio privado en Montevideo.

Como guitarrista foi nos comezos autodidacta e logo recibiu clases de José Pedro Beledo. En 1979 chega a España xunto con outros tres músicos uruguaios e forma o grupo Montevideo xunto cos seu compatriotas a máis Carlos Arévalo. No 1983 forma o trío Karma e despois o grupo Láser có cal gravan un LP e fan xiras por Galicia con temas propios e covers.

A partir do 87 comeza a traballar como músico de sesión e grava con diversos artistas como TT Delgado, Joan Eiriz, Juan Pardo, etc. Leva 15 anos dando clase de canto e guitarra en Estudio Escola de Música, centro no que tamén colabora coa S.E.M Big Band, como guitarrista e cantante.

Hai catro anos forma a banda De Nash e desde entón actúan en distintos sitios de Galicia, en pubs e concertos. Esta é a súa cuarta tempada tocando todos os xoves en Vigo, as dúas primeira na sala Nashville e estas dúas últimas no pub Candem.

Formou con Jose Lueiro o dúo Lu y Giannetto. Grabou e arranxou musicalmente as obras de teatro 101 Dálmatas (protagonizada por Miriam Díaz Aroca) e El Zorro (protagonizada por Manuel Banderas e Marta Sánchez).

En 2006 forma xunto con Carlos Arévalo, Javier Constenla e Diego Pérez Castro o Leo Giannettos Jazz Project, o cal é presentado a “Audia Records”, coa que chegan a un acordo para gravar catro CDs, o primeiro Beatles & Jazz. Actualmente xa contan con outro CD gravado, titulado Tributo a The Police.

José Nine. Frauta e saxo.

Compositor da música do documental "Naviegos, os outros arraianos". Saxofonista do grupo de Xosé M. Budiño e do grupo "Cinnamon Gun" (gra-

grande éxito que colleitaron os distintos concertos de alumn@s e profesores que tiveron lugar, durante todos os días da semana (exceptuando o luns) que durou este Seminario. Cada concerto foi un éxito de público, creándose un vivo e dinámico ambiente musical en Burela durante toda a semana.

Por estes motivos, e polas aínda maiores expectativas postas no II Seminario de Jazz e Músicas Modernas, sobre o cal recibimos continuas peticións de información, cremos que non hai escusa para non celebrar un ano máis este curso que ofrece unha alternativa musical e cultural a tod@s @s músic@s e a toda a poboación de Burela, da Mariña e de todo o país.

COORDINADORES DO CURSO:

- Israel Arranz: Tfno: 686.435.987**
- Roberto Bouça: Tfno: 616.995.013**

DIRECTOR DA ESCOLA:

- Xan Carballal: Tfno: 677.838.812**

vación de vinilo e próximo cd). Colaborador do grupo de rock "Degüello". Vinilo co grupo "Arosa express". Gravación de traballos discográficos con Serafín Carballo e con "Marcos Teira cuarteto". Colabora no disco “Beatles in Jazz” de Leo Giannetto e no disco “Boleros y Jazz” con Loli Nogueira.

Forma parte asemade de distintos grupos vencellados ao mundo do jazz coma “Esmorga” ou “Dúo de Dos”; e fai unha xira por Londres co trío flamenco “Pimenteira & José Nine”. Participa no concerto Primera Mostra de Jazz Galego. É saxofonista de la S.E.M. Big Band e profesor en Estudio Escola de Música.

Javier Constenla. Piano.

Músico versátil nado en Ourense. Comeza os seus estudos musicais aos 9 anos no Conservatorio Profesional de Ourense e mais tarde no de Santiago de Compostela. Aos 24 anos comeza a tocar no grupo Abuña jazz, con Clunia, precursores do Jazz en Galiza. Asiste a numerosas Master class de músicos como Barry Harris, Skip hadden, Four in one con Sergio Pellaggio, Skip Hadden, Jarmo Savolainen, Dave Frank, Rick Peckham, Eric Urdaneta ,Chano Dominguez , Ulf Radelius, Jens Winter, Chic Corea, Brad Meldhau, etc.

É profesor de piano e combo en Estudio Escola de Música. Dirixiu ou participou en Seminarios de Jazz coma os da Universidade de Vigo, o I Seminario de Jazz de Monforte, o I Seminario de Jazz de Burela etc., así como numerosos concertos didácticos en conservatorios e institutos.

Ten participado en xiras con diversas formacións jazzísticas polo Xapón, Venezuela, Colombia, Portugal, Arxentina, Estados Unidos e Uruguai. Actuou en festivais de jazz como os de Santiago de Compostela,Lalín, Monforte, Ourense, Vigo, Viveiro, Palas De Rei, A Coruña, Mondariz, Burela, etc.

Na actualidade traballa con distintas formacións surxidas en torno a sí, e colabora con músicos e grupos coma Xosé Lois Miguelez, Leo Giannetto Jazz Project, ou Emilio Rua. Compuxo parte da música para os espectáculos teatrais ECOS E VOCES DUN TEMPO e MEMORIAS DE LA REPÚBLICA

CONCERTOS:

- Ensemble de Profesores*
- Concertos de alumn@s*
- Grupo de saxofóns Estudio Escola*
- Marosa Jazz Project*

OBXECTIVOS:

Achegar o jazz a afeccionad@s, profesionais da música e á poboación en xeral, entendido este comoun xénero no que se insiren un grande número de estilos musicais.

- Potenciar a educación en valores a través da práctica instrumental grupal.
- Dinamizar a cultura musical de Burela e da Mariña.
- Coñecer os principais elementos da linguaxe jazzística: articulación, fraseo, ritmo, harmonía, improvisación, etc.
- Favorecer o desenvolvemento técnico do alumnado de cada unha das especialidades instrumentais para unha correcta interpretación.
- Interpretar pezas de diferentes estilos en conxunto.
- Realizar un pequeno solo en pezas con harmonías sinxelas.

ESPAÑOLA do Teatro do Atlántico. Colabora esporadicamente como pianista improvisador con esta compañía de teatro. É director da Escola Municipal de Música de Ames e director da Ourense Big-band. Recentemente estivo de xira pola Arxentina e o Uruguai, ao seren elixidos o seu trío e la cantante Pilocha pola Consellaría de Cultura para representar musicalmente a Galiza en actuacións para a emigración, interpretando arranxos orixinais en clave de jazz de pezas do repertorio clásico galego. Volta este ano a Montevideo convidado outra vez polo Centro Galego desta cidade. Prepara un novo traballo de composición instantánea co Teatro do Atlántico para este 2009.

Quique Alvarado. Baixo.

Profesor de Baixo Eléctrico e Combo de Jazz na Escola de Músicos d’A Coruña e en Estudio-Escola de Música, en Santiago de Compostela desde 1990, así como na Escola Municipal “LA FÁBRICA” de Oleiros. Tamén foi profesor no Taller de Músicos de Madrid, na Aula de Música Creativa.

Inicia os seus estudos de piano no Conservatorio Nacional de Buenos Aires onde consegue a graduación neste instrumento. Traballa con grupos de rock como pianista e máis tarde faino como baixista en grupos como La Pesada, Los Blues Man, Los Mentales, etc.

En 1969 comeza a súa actividade como músico de sesión e gravación, relacionándose con músicos do flokllore arxentino e latinoamericanos, como Chango Farias Gómez, Pepe Colangelo, Trío Contemporáneo e Cuarteto de Cuerda, entre outros.

En 1973 incorpórase ao grupo Anacrúsa, co que viaxa a Europa, convidado polo Festival de Teatro de Nancy, facendo música latinoamericana. De alí xorden concertos no Olimpia de París, Concertgebow de Amsterdam, etc. Esta formación incluía músicos como Carlos Carlí e Rubén Izarrualde entre outros. Con eles trasládase a Madrid para remontar el grupo Candeais con Agustín Pereira e Guillermo Reuter.

A partir de 1979 traballa nos circuítos de jazz, con músicos como Paquito de Rivera, Blady Vas, Horacio Icasto, Connie Phillip, Jorge Pardo,

- Improvisar en standars con patróns harmónicos típicos.

CONTIDOS DIDÁCTICOS:

- O blues: estrutura, escala de blues, blue notes, etc.
- Articulación e fraseo no jazz.
- A corchea de swing.
- O walking-bass e outras liñas de baixo (latin, funk...).
- Principais ritmos no jazz: swing, latin, funk, bossa nova, etc.
- O cifrado moderno. Acordes e escalas principais.
- Voicings típicos.
- Elementos para a improvisación.

A QUEN VAI DIRIXIDO?

- A afeccionad@s que sen teren estudos profesionais de música, teñen algún coñecemento musical ou dominan algún instrumento.
- A rapaces e rapazas iniciados na práctica instrumental.
- Alumn@s de escolas de música, conservatorios profesionais e superiores de música, que procuran ampliar a súa formación.

Pedro Ruy Blas entre outros. De 1983 a 1986 acompaña a Alberto Cortez en xiras internacionais ate que se traslada á Coruña, convocado por Roberto “Camaleón” Rodríguez, para formar parte da Aula Taller de Músicos desta cidade.

En Galiza colaborou con Antonio Cal Big Band, o Cuarteto de Nani García, o Cuarteto de José Tubio, o Horacio Icasto Ensemble e o Alberto Conde Quartet.

Traballou na Orquestra Los Satélites d’A Coruña e durante 7 anos forma parte da orquestra Ceniza como baixista e director musical. Continúa a súa actividade jazzística co Grupo Cubano de Jazz, D’Xazz 3, IMPROVIA, Hot 3sss, Clifford 8, Bliss, K, etc.

Miguel Cabana. Batería.

Nace na Coruña en 1975 nunha familia de músicos, mais non será ate os 13 anos cando comecen os seus estudos de percusión clásica derivando, anos despois, nunha dedicación plena á batería e á percusión moderna.

Estudou batería con Antonio Cruz “Perillo” e percusión latina con Javier Ferreiro “Man”. Desde os 15 anos toca en grupos Rock, Pop, Funk, Latin, etc. Durante a súa formación estuda na Escola de Música Creativa de Madrid co mestre Calos Carli. Participa en seminarios, master class e clinics con Rogerio de Souza, Fernado Marcón, Jeff Jerolamón, Brian Abrahams, José Carrasco, Pepe Motos, Isaac Vigueras “El Rubio”, Sergio Ramos, Juan Flores, Billy Cobham, Akira Jimbo, etc.

En setembro de 1999 entra a formar parte do profesorado da Escola Municipal de Música da Coruña na sección de Jazz e Música Moderna. Licenciase en Jazz Performance con Matrícula de Honor pola Guildhall School of Music and Drama de Londres. Durante estes últimos anos compartiu escenario con músicos como Scott Stroman, Brian Trainor, John Taylor, Kenny Wheeler, Cennet Jönhson, Fredd Thelonious Baker, Carlos Averhoff Jr., etc. Actualmente combina a docencia con diferentes proxectos artísticos: José Luís Evangelista Cuarteto, Carmen Rey Grupo, Javier Constenla Trío, +Q Jazz e Monkillos.